

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE OBRADOIROS CULTURAIS DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO CURSO ACADÉMICO 2026/2027

A Vicerreitoría de Divulgación, Cultura e Deporte (VDCD) da Universidade da Coruña (UDC), no exercicio das funcións de promoción e difusión da actividade cultural, convoca, en réxime de concorrencia competitiva, axudas destinadas ao desenvolvemento de obradoiros culturais no curso académico 2026/2027.

A realización dos obradoiros estará condicionada a un número mínimo de inscricións que posibilite o desenvolvemento normal da actividade, á dispoñibilidade orzamentaria e á súa viabilidade económica e de infraestruturas.

As propostas dos obradoiros rexeranse polas condicións que se recollen no ANEXO I desta convocatoria.

1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas a persoas xurídicas para o desenvolvemento de proxectos de obradoiros culturais que serán integrados na programación cultural da UDC no curso 2026/2027, cos requisitos e prioridades en formación que figuran no ANEXO I.

2. Finalidade

Estas axudas teñen como finalidade:

- Fomentar a creación e difusión cultural.
- Promover a participación da comunidade universitaria e da cidadanía.
- Favorecer a diversidade de propostas culturais e creativas.
- Apoiar iniciativas aliñadas coa programación cultural da UDC.

2. Entidades beneficiarias

Poderán participar na presente convocatoria as persoas xurídicas que:

- acrediten solvencia profesional e técnica para a impartición dos obradoiros garantindo coñecementos, experiencia e formación docente na materia do obradoiro,
- non teñan coa UDC unha relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable durante o prazo de admisión de solicitudes,
- e cumpran os requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Presentación de solicitudes

As entidades interesadas deberán presentar unha solicitude conforme o ANEXO II, acompañada da seguinte documentación:

- Un *currículum vitae* das persoas que realizarán o obradoiro que acredite os coñecementos, experiencia e formación docente na impartición do tema do obradoiro, conforme o modelo que figura como ANEXO III.
- Un proxecto coa proposta formativa, segundo o modelo que figura como ANEXO III, que deberá incluír necesariamente a descrición dos medios técnicos necesarios tendo en conta os criterios de valoración expostos no punto 6. Tamén, de ser o caso, se para a realización do obradoiro se precisa de material adicional (ferramentas, software, material etc.) deberá indicar o custo estimado por estudante para o estudo da súa viabilidade económica e priorizar o uso de software libre.

Cada entidade solicitante, aínda que presente varias solicitudes, só poderá resultar adxudicataria dun obradoiro por cuatrimestre.

4. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación requirida, dirixidas á Área de Cultura da UDC (Sección de Extensión Universitaria), poderán presentarse no Rexistro Electrónico da UDC, en calquera oficina de rexistro da Universidade, ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á data de publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC e rematará ás 14:00 horas do día 24 de xullo de 2026.

5. Contía das axudas

- O prezo de cada contía máxima equivalerá a 50 € por hora do obradoiro (impostos incluídos), logo de presentar un orzamento nominal. De acadarse as inscricións mínimas en cada actividade, e segundo consta no Anexo I desta convocatoria, poderán desenvolverse ata 6 obradoiros de continuación de 30 h e obradoiros de proposta libre ata un máximo de 30 h en cada cuadrimestre.

- Esta convocatoria finánciase con cargo á partida orzamentaria 1706241057 321A 22609 por un importe máximo total de 21 000 €, dos que 10 500 € imputaranse ao exercicio 2026. Os outros 10 500 € imputaranse ao de 2027 sempre e cando exista crédito axeitado e suficiente.

- A contía máxima para cada obradoiro de continuación será de 1 500 € (impostos incluídos) por cuadrimestre; os obradoiros de proposta libre custarán, como máximo, 1 500 € (impostos incluídos) por cuadrimestre.

- O pagamento de cada actividade realizarase nun único pagamento, que se efectuará unha vez que finalice dita actividade cuadrimestral e se reciba a factura xustificativa do gasto.

6. Procedemento de concesión

A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.

Constituirase unha comisión de selección formada pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte ou persoa en quen delegue; a persoa adxunta de Cultura ou persoa en quen delegue; e unha persoa técnica da Área de Cultura da UDC.

Esta comisión de selección, nunha única fase, valorará a documentación presentada polas entidades solicitantes, tendo en conta os seguintes **criterios de valoración**:

a) Criterios substantivos

- **Obxectivos de calidade do proxecto.** Ofertar cun nivel de detalle suficiente, a través dos obxectivos e contidos, un proxecto que se axuste á convocatoria. Xustificar a idoneidade e o interese formativo da proposta, ademais de adecuala ao interese da comunidade universitaria e público xeral. Xustificar a viabilidade da proposta, así como os recursos que se precisan para desenvolvela.
- **Público.** Fomentar a participación dos públicos, tanto da comunidade universitaria como do público xeral, como se corresponde coa función da extensión universitaria e a necesaria interacción coa sociedade.

b) Criterios operativos

- **Planificación.** Que o proxecto sexa estruturado, planificado e dimensionado de xeito realista, axustando a temporalidade e os recursos que se vaian empregar ao marco das condicións e dos prazos previstos nesta convocatoria.
- **Estratexia e plan de comunicación.** Facilitar os medios, recursos e mecanismos necesarios para comunicar o proxecto en colaboración coa UDC.
- **Experiencia.** Valorarase a experiencia previa tanto formativa como docente.

c) Criterios de impacto

- **Impacto cualitativo e cuantitativo.** Que o proxecto teña capacidade de innovación e defina claramente o tipo de público obxectivo que se pretende no deseño da actividade.

Cráterios	Subcráterios	Peso específico
1.º cráterios substantivos (máx. 50 puntos)	Obxectivos e calidade do proxecto	40
	Público	10
2.º cráterios operativos (máx. 40 puntos)	Planificación	15
	Estratexia e plan de comunicación	10
	Experiencia docente	15
3.º cráterios de impacto (máx. 10 puntos)	Impacto cualitativo e cuantitativo	10

A puntuación mínima esixida para a valoración como seleccionable do proxecto presentado será de 60 puntos.

No caso de empate entre proxectos na segunda fase, terase en conta a puntuación máis alta nos cráterios substantivos. De persistir o empate, decidírase en función da valoración da comisión de selección no referente aos cráterios operativos.

7. Adxudicación e formalización das axudas

A adxudicación das axudas publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica no prazo máximo dun mes a partir da data de remate do prazo de presentación de solicitudes. As entidades adxudicatarias recibirán unha comunicación por correo electrónico en que se lles outorgará un prazo de tres días (comezará o día seguinte á data de publicación) para presentar os documentos acreditativos dos méritos alegados das persoas que impartirán os obradoiros expostos no ANEXO III. De non entregalos no prazo establecido, adxudicarase o servizo á entidade que ocupe o posto seguinte na lista de agarda.

Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso de reposición no prazo dun mes ou, alternativamente, un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

As entidades seleccionadas deberán aceptar a adxudicación no prazo que se indique na resolución. De non facelo, a VDCCD poderá adxudicar a axuda á entidade que ocupe o posto seguinte na listaxe de agarda ou deixala deserta.

Ademais, en cumprimento do RD 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais, a entidade que resulte adxudicataria deberá entregar coa aceptación da adxudicación a declaración responsable de cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Do mesmo modo, a Universidade da Coruña para dar cumprimento ás súas obrigas coma titular da instalación, achega información ás empresa adxudicataria, que deberá asinar a súa recepción (ANEXO CAE-RISCOS LABORAIS).

Asinado dixitalmente pola vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte.

ANEXO I.- CONDICIÓN DE IMPARTICIÓN DOS OBRADOIROS

1. Liñas estratéxicas da programación cultural

A proxección cultural e social da universidade constitúe un elemento esencial na súa relación coa sociedade, contribuíndo a:

- reforzar a súa visibilidade e lexitimidade institucional,
- proxectar unha imaxe de apertura e accesibilidade,
- favorecer a participación de novos colectivos na actividade universitaria,
- e impulsar procesos de aprendizaxe ao longo da vida.

Neste contexto, a programación cultural universitaria ten como finalidade completar e enriquecer a formación académica de toda a súa comunidade (persoal docente investigador, persoal técnico, de xestión e servizos e en especial o estudiantado), promovendo actividades que integren coñecemento, creatividade e expresión, e que poidan ter, cando proceda, recoñecemento académico.

Así mesmo, esta convocatoria busca potenciar a coordinación e complementariedade co tecido cultural e social (asociacións, institucións, administracións locais, entidades culturais e empresas), promovendo un modelo de universidade aberta, conectada co seu contorno e receptiva ás propostas da comunidade.

Búscase que as propostas se aliñen, preferentemente, cos seguintes eixes:

- **Conexión entre cultura, campus e comunidade**, fomentando a participación e interacción co territorio.
- **Integración de arte, innovación e tecnoloxía**, especialmente en relación co perfil dos campus.
- **Desenvolvemento de linguaxes contemporáneas e experimentais**, vinculadas á realidade social.
- **Complementariedade coa programación cultural existente**, en particular coa liña de NORMAL o espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña.

De maneira específica, potenciaranse propostas adaptadas ao campus de Ferrol que integren:

- creatividade + tecnoloxía + expresión,
- en conexión co seu carácter de campus tecnolóxico con presenza de humanidades e saúde.

2. Tipoloxía de obradoiros

a) Obradoiros estruturais de formación progresiva (60 horas)

- Terán unha duración total de 60 horas, distribuídas en dous cuatrimestres (30 h + 30 h).
- Deberán presentar unha progresión formativa (nivel inicial no primeiro cuatrimestre e avanzado no segundo).
- Estarán orientados á adquisición de competencias sólidas e ao desenvolvemento de proxectos ou procesos de creación.
- Poderán dar lugar ao recoñecemento de créditos conforme á normativa vixente.
- Poderá impartirse tanto na Coruña (NORMAL) como en Ferrol (Campus Industrial).
- Seleccionarase un máximo de 6 obradoiros.
- Se non se consegue formar grupo e, polo tanto, non se pode comezar o obradoiro no primeiro cuatrimestre, entenderase que queda anulado. Neste caso, haberá unha segunda convocatoria no segundo cuatrimestre.

b) Obradoiros de proposta libre

- Terán unha duración de 5, 10 ou 15 horas.
- Estarán orientados á experimentación, introdución a novas disciplinas ou exploración de formatos creativos.

- Permitiranse propostas de carácter innovador, interdisciplinar ou vinculado a tendencias contemporáneas.
- Se non se consegue formar grupo e, polo tanto, non se pode comezar o obradoiro, entenderase que queda anulado.
- Poderá impartirse tanto na Coruña (NORMAL) como en Ferrol (Centro Cultural Universitario do campus de Esteiro).
- Os obradoiros seleccionados sumarán como máximo 30 h por cuadrimestre.

3. Persoas destinatarias

Os obradoiros estarán abertos á comunidade universitaria e, en xeral, a calquera persoa interesada en ampliar os seus coñecementos e actualizar ou adquirir novas habilidades.

4. Datás de realización

A xeito orientador, as datas previstas para os obradoiros serán do 21 de setembro ao 18 de decembro de 2026 no primeiro cuadrimestre, e do 15 de febreiro ao 14 de maio de 2027 no segundo cuadrimestre.

5. Duración e modalidades de impartición

a) *Obradoiros estruturais de formación progresiva*: serán impartidos pola mesma entidade nos dous cuadrimestres, tendo en conta que no segundo cuadrimestre os obradoiros terán un nivel máis avanzado.

Estes obradoiros terán unha duración de 30 horas de docencia (cun recoñecemento de créditos correspondente co disposto na resolución reitoral vixente), e deberán ser en modo presencial salvo excepcións autorizadas e analizadas pola Área de Cultura. Neste último caso deberán utilizarse as plataformas tecnolóxicas que ofrece a UDC.

b) *Obradoiros de proposta libre*: co propósito de ampliar a oferta dos obradoiros e atraer un público diverso interesado en actividades de formación creativas, aceptaranse propostas de obradoiros ligados a calquera xeito de expresión ou creación artístico-cultural. A oferta total destes obradoiros non superará o máximo de 30 h por cuadrimestre.

6. Lugar de realización

Os obradoiros impartiranse na NORMAL - Espazo de Intervención Cultural (A Coruña) e no Centro Cultural Universitario do campus de Esteiro (Ferrol).

Tanto para a asignación do lugar de realización como da determinación das datas de realización, teranse en conta as necesidades de infraestrutura e o calendario de exames da UDC.

7. Outras condicións

- A realización dos obradoiros estará condicionada á inscrición como mínimo de 7 persoas. Como máximo poderán inscribirse 25 persoas.
- A Área de Cultura da UDC encargárase da inscrición do alumnado nos obradoiros, así como da xestión administrativa dos seus expedientes.
- As entidades e as persoas responsables da impartición dos obradoiros deberán reunirse coas persoas responsables da Área de Cultura tras a aprobación dos obradoiros para fixar os detalles do programa e dos compromisos adquiridos.
- Durante a realización dos obradoiros as entidades e as persoas responsables da impartición deberán estar en contacto co persoal técnico da Área de Cultura para coordinar horarios e actividades, que se fixarán acorde coa proposta seleccionada e non deberán mudarse ao longo da súa impartición, agás notificación e autorización da Área de Cultura. As entidades tamén se comprometen a informar da asistencia e realizar os axustes eventuais que resulten necesarios e adecuarse aos espazos da Área de Cultura.
- A Área de Cultura facilitará os medios técnicos necesarios sempre que se indicase previamente na solicitude da proposta e estean dispoñibles na dita área.

- Por criterios de sustentabilidade ambiental, recoméndase ás persoas docentes que os materiais sexan principalmente dixitais e que deben utilizar preferentemente as plataformas tecnolóxicas que ofrece a UDC e software libre.
- A UDC non cubrirá os gastos de materiais en que incorra a realización do obradoiro, agás que previamente se solicite na proposta presentada e se obteña unha autorización expresa da Área de Cultura.
- Para os obradoiros seleccionados solicitarase o recoñecemento do número de créditos que corresponda segundo a normativa vixente.
- A asistencia do alumnado aos obradoiros deberá rexistrarse en “UDC Xest” para a posterior concesión de créditos (explicarase o uso da plataforma con anterioridade ao comezo do obradoiro).
- A docencia semanal dos obradoiros non poderá ser superior a cinco horas e a diaria a dúas horas e media, e non se poderá combinar docencia presencial e non presencial nun mesmo día, agás por autorización da Área de Cultura.
- A Área de Cultura encargarse da difusión e promoción dos obradoiros para dar visibilidade as actividades desenvolvidas durante o curso.

ANEXO II. SOLICITUDE

I. DATOS DO OBXECTO DA CONVOCATORIA	
Nome da convocatoria: CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO E IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS CULTURAI DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO CURSO ACADÉMICO 2026/2027	
Área asignada á convocatoria: ÁREA DE CULTURA - VICERREITORÍA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE	
Nome do obradoiro que desexa impartir:	
Centro de realización: NORMAL- Espazo de Intervención Cultural (A Coruña) <input type="checkbox"/> Centro Cultural Universitario do Campus de Esteiro (Ferrol) <input type="checkbox"/>	

II. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
Razón social:		CIF:	
Datos da persoa representante.			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	
DNI / NIE/ pasaporte:	Teléfono:	Correo electrónico:	
Enderezo:			
Municipio:	Código postal:	Provincia:	

III. DATOS ACADÉMICOS (FORMACIÓN, CURSOS IMPARTIDOS E RECIBIDOS)		
Título	Centro de expedición	Data de expedición

--	--	--

(Engada cantas liñas sexan necesarias)

IV. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
<input type="checkbox"/> Currículo	<input type="checkbox"/> Proxecto coa proposta formativa
<input type="checkbox"/> Outros: _____	

A _____ entidade _____ solicitante
_____ solicita ser
admitida na convocatoria de axudas para o desenvolvemento e impartición de obradoiros culturais
da Área de Cultura da Universidade da Coruña, declara que son certos todos os datos que figuran
nesta solicitude e no currículo, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria.

_____, a _____ de _____ de 2026

(sinatura)

SRA. VICERREITORA DE DIVULGACIÓN, CULTURA E DEPORTE DA UDC

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: secretaria.xeral@udc.gal

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse

ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC no apartado “Outros trámites”;
- b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO III. CURRÍCULO E PROPOSTA FORMATIVA

CURRÍCULO DA PERSOA QUE IMPARTIRÁ O OBRADOIRO E PROPOSTA FORMATIVA	
I. DATOS DA CONVOCATORIA	
Nome da convocatoria: CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO E IMPARTICIÓN DE OBRADOIROS CULTURAIS DA ÁREA DE CULTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO CURSO ACADÉMICO 2026/2027	
Obradoiro que desexa impartir:	
Modalidade: Obradoiro de continuidade <input type="checkbox"/> Obradoiro de proposta libre <input type="checkbox"/> N° horas: 5 h <input type="checkbox"/> 10 h <input type="checkbox"/> 15 h <input type="checkbox"/> outras indicar	
Cuadrimestre: 1.º <input type="checkbox"/> 2.º <input type="checkbox"/> (lémbrese que os de continuidade son para os dous cuadrimestres)	
Centro de realización: NORMAL- Espazo de Intervención Cultural <input type="checkbox"/> Centro Cultural Universitario do Campus de Esteiro <input type="checkbox"/>	

II. DATOS PERSOAIS		
DNI / NIE/ pasaporte:	Nacionalidade:	
Apelidos e nome:		
Enderezo:		
Localidade:	Provincia:	C.P.:
Teléfonos:	Correo electrónico:	

A persoa que asina a continuación responsabilízase da veracidade dos datos que constan neste currículo e da documentación que se achega, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puideren derivarse da súa inexactitude.

....., de de 2026.

(sinatura)

III. CURRÍCULO (MÉRITOS PARA DESTACAR DA PERSOA QUE IMPARTIRÁ O OBRADOIRO)

--

IV. PROPOSTA FORMATIVA DO OBRADOIRO

CRITERIOS SUBSTANTIVOS	50 PUNTOS
Obxectivos de calidade do proxecto:	40
Público:	10
CRITERIOS OPERATIVOS	40 PUNTOS
Planificación:	15
Estratexia e plan de comunicación:	10

Experiencia docente	15
CRITERIOS DE IMPACTO	10 PUNTOS
Impacto cualitativo e cuantitativo:	

ANEXO IV. DOCUMENTACIÓN

I. RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN DE RESULTAR ADXUDICATARIA
(É imprescindible numeralos e presentalos nesta mesma orde. En cada un dos méritos que se alegan no currículo e deberá indicarse o n.º do documento ou documentos que acredita/xustifica tal mérito)
1
2
3
4
5
6
7
8
9
10

(Engada cantas liñas sexan necesarias)

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa solicitante facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono: 981 167 000, correo electrónico: secretaria.xeral@udc.gal

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](#) no apartado “Outros trámites”;
- Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpdc@udc.gal. Tamén se poderá presentar

esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal . Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).